



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



CONVENIO REGULADOR DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE A FAVOR DA FUNDACION AMIGOS DE GALIA CON DESTINO Á DISTRIBUCIÓN DE PRODUCTOS A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

En Cerdedo- Cotobade, 04 de novembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. JORGE CUBELA LOPEZ , Alcalde do Concello de Cerdedo- Cotobade , actuando en nome e representación deste Concello en virtude dos artigos 21.1 a), b) Lei 7/1985, de bases de réxime local e 61 a) e b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia

De outra parte, Don Jesús Busto Peteiro co DNI 76.506.101 M que actúa no seu propio nome e interes ou en calidade de representante autorizado da FUNDACION AMIGOS DE GALICIA co NIF G15859911 e número de rexistro como entidade prestadora de servizos sociais E-2199.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

I.- O Concello de Cerdedo - Cotobade comeza unha liña de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia, para o financiamento da actividade de distribución de produtos a persoas con risco de exclusión social no Concello.

No orzamento de gastos e nas bases de execución do orzamento 2019 o Concello de Cerdedo-Cotobade aproba unha subvención nominativa a FUNDACION AMIGOS DE GALICIA, por importe total de 3.000,00 euros para o cofinanciamento das actividades para evitar o risco de exclusión social, obxecto do presente convenio, estándose ao establecido no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, lei Xeral de Subvencións.

II.- A asociación beneficiaria achega unha memoria das actividades a realizar durante a xornada . A memoria fai constar o orzamento total estimado nun gasto de 3.000,00 €

III.- O Alcalde D. Jorge Cubela López dispón a concesión dunha subvención nominativa por importe de 3.000,00 € para a atención da actividade mencionada.

IV.- A concesión desta subvención enmarcarse no establecido no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, lei Xeral de Subvencións.

En mérito do exposto ámbalas partes

ESTIPULAN

PRIMEIRA. - OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio a regulación dunha subvención prevista nominativamente no orzamento e nas bases de execución do orzamento do Concello de Cerdedo- Cotobade para o exercicio 2019 a favor da entidade FUNDACION AMIGOS DE GALICIA, por importe de 3.000,00 € para o cofinanciamento da actividades para evitar o risco de exclusión social.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



SEGUNDA.- FINANCIAMENTO E COMPATIBILIDADE.

O importe da subvención nominativa do Concello de Cerdedo- Cotobade ascende a 3.000,00 € imputándose o gasto a aplicación orzamentaria 231/48901 do orzamento de gastos vixente.

Esta subvención e compatible coa percepción de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente de outras Administracións ou entes públicos e privados, si ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custe da actividade subvencionada.

TERCEIRA. –GASTOS SUBVENCIONABLES E PRAZO DE REALIZACIÓN.

Aos efectos de definir os gastos subvencionables estarase ao disposto no art. 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, lei Xeral de Subvencións, así considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de vixencia do presente convenio.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A estes efectos considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao 30 de decembro de 2019.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a.- Os intereses debedores das contas bancarias.
- b.- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- c.- Os gastos de procedementos xudiciais.
- d.- En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

O prazo de execución para a realización da actividade subvencionada abrangue dende **1 de xaneiro ata o 30 de decembro de 2019.**

CUARTA. – OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Constitúen obrigas do beneficiario cuxo cumprimento deberá acreditar:

- a) Cumprir o obxectivo que fundamenta a concesión da subvención, executar o proxecto descrito na memoria e realizar as actividades detalladas na mesma acreditando a súa execución.
- b) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- c) Someterse as actuacións de comprobación, a realizar polo órgano concedinte así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competente facilitando canta información sexa requirida polo Concello ou órganos fiscalizadores externos como o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas de Galicia.
- d) Comunicar ó órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Acreditar con anterioridade a resolución de concesión ou en todo caso, na fase de xustificación e de pago da subvención, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, facenda estatal e facenda autonómica e fronte a Seguridade Social. No



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballado 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



momento da presentación da solicitude de subvención tamén será válida a presentación dunha declaración responsable do presidente da entidade de non ser debedor á facenda estatal ,autonómica e local nin á Seguridade Social ou ben xustificante de solicitude dos aludidos certificados. Concello comprobará de oficio a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa facenda municipal

- f) Dispor dos libros contables, rexistro dilixenciados e demais documentos debidamente acreditados nos termos esixidos na lexislación vixente.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de publicidade e difusión que acrediten a colaboración do Concello no cofinanciamento da actividade subvencionada
- i) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos legal ou regulamentariamente.
- j) Rendición de contas en forma legal ou regulamentaria.

QUINTA. - FORMA DE PAGO

O pago da subvención realizarase en un único pagamento por importe de 3.000,00 € unha vez concluída a actividade subvencionada e xustificado adecuadamente de conformidade co disposto na cláusula sétima, o gasto total realizado polo beneficiario.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso a cantidade na cláusula segunda.

No caso de que non se xustificará a totalidade do gasto, minorarase a aportación do Concello de Cerdedo - Cotobade na porcentaxe que proceda en función do importe xustificado.

SEXTA. - ÓRGANO GESTOR

Ten a condición de órgano xestor desta subvención o Alcalde do Concello de Cerdedo- Cotobade. Todo trámite relacionado con esta subvención sustanciaráse a través do mencionado órgano xestor.

SÉPTIMA.- XUSTIFICACIÓN.

1.— A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa no prazo máximo de 2 meses dende a finalización do prazo concedido para a realización da actividade subvencionada, sendo a data límite o **28 de febreiro de 2020**.

2.- A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:
(ANEXO V)

- a) Memoria detallada das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo.
- b) Relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
- c) Relación desagregada de todos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada. Os gastos xustificaranse mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.As facturas ou documentos análogos deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e asemade estar datadas no período subvencionable. En todo caso deberase acreditar a realización do pago , dita acreditación farase achegando un xustificante da transferencia bancaria ou no seu caso facendo constar na factura o recibín do preceptor con indicación do DNI , nome e apelidos e sinatura do mesmo.

- d) Deberase aporta-lo orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para estampillar a primeira, que será devolta, e compulsar a segunda. O estampillado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión "este documento serviu para xustificar unha subvención outorgada polo Concello no procedemento de concesión de subvención para...".
- e) No caso de non terse aportado con anterioridade, deberase aportar certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social , mediante certificación expedida polos organismos competentes Esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectualo o pago.
- f) Acreditar a debida divulgación da participación do Concello de Cerdedo- Cotobade no cofinanciamento da actividade subvencionada.

3.- Presentada a xustificación sinalada e comprobada a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención, previo informe da Intervención municipal, polo órgano competente formularase a proposta de pagamento.

4.- O aboamento da subvención xustificada efectuarase mediante transferencia bancaria a conta sinalada polo beneficiario.

OCTAVA. - REINTEGRO.

Procederá o reintegro da subvención de conformidade co disposto no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

NOVENA. - DURACIÓN DEL CONVENIO.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e despregará efectos ata a realización da actividade subvencionada sendo como data límite o 30 de decembro de 2019.

O beneficiario deberá presentar a rendición da conta xustificativa no prazo máximo de 2 meses dende a finalización do período de execución fixado , sendo a data límite o 28 de febreiro de 2020.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro e sancionadores a que puidera dar lugar e das obrigas que coma contarante incumban ao beneficiario, así coma o deber de conservación de documentos que lle impón a lexislación vixente.

DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO E LEXISLACIÓN APLICABLE.

Este Convenio ten natureza xurídico-administrativa.

No non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e seu Regulamento , aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, e o resto de lexislación de réxime local reguladora das subvencións públicas e de procedemento administrativo.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Corresponderá ao Alcalde do concello de Cerdedo-Cotobade a interpretación, modificación e resolución do Convenio.

As cuestións litixiosas que xurdan en aplicación do presente convenio serán resoltas en vía administrativa polo órgano competente e, en seu caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O presente Convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e en proba da súa conformidade, as partes comparecente asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento .

Polo Concello

O ALCALDE



Asdo. Jorge Cubela López

Polo Beneficiario

O REPRESENTANTE



Asdo Jesús Busto Peteiro

P3600048G

